



XUÑO
2023



Palabras de Gonzalo e Andrés de fai uns anos

Gonzalo:

"Estar nunha Unidade Pastoral creo que me marcou para o resto da miña vida"

"Traballar aquí é moito máis frutífero a nivel persoal que facelo noutro tipo de parroquias"

"Vivimos nun entorno que aumenta o sentimento de comunidade na propia parroquia e entre as distintas parroquias. Non hai ningunha máis importante que as outras, sexan máis grandes ou máis pequenas. É unha satisfacción poder traballar así"

"Intentamos que sexa unha Igrexa en galego e que poña en valor ás mulleres. Queremos reivindicar a importancia da muller no rural e facer unha Igrexa en feminino. De feito son as mulleres as que máis realizan a Celebración da Palabra, dan a comunión e participan activamente".



Andrés:

"Para dous curas sería imposible poder traballar todo este territorio. Grazas á axuda dos laicos desas mesmas parroquias é posible a Celebración da Eucaristía e da Palabra en todas esas igrexas que forman parte da nosa Unidade Pastoral".

"É moi distinto traballar no rural que facelo na cidade. Non é mellor nin peor, simplemente é diferente".

"A fin de contas, todos somos necesario e ninguén é imprescindible".

Sigamos facendo crible este "OS COTOS"

“Un contiño para vivir”**“A paz non é un conto, é unha necesidade”**

Zuppi, o enviado de paz do papa Francisco para Ucraia, un veterán nos esforzos de mediación en conflitos da Igrexa, calificou a guerra de “pandemia” e dixo que todos os cristiáns están chamados a ser negociadores de paz.

Nos seus primeiros comentarios públicos desde que foi nomeado enviado para Ucraia, o cardeal Matteo Zuppi (presidente da Conferencia episcopal italiana) pediu a creación dunha cultura de paz para responder á “profunda ansiedade, en ocasións non expresada, a miúdo non escoitada, dos pobos que necesitan paz”.

Zuppi, de 67 anos ten experiencia en iniciativas de mediación de paz da Igrexa xa que axudou nos acordos de paz da década de 1990 que puxeron fin ás guerras en Guatemala e Mozambique, e dirixiu a comisión que negociou un cese de fogo en Burundi no ano 2000.

Zuppi citou as frecuentes e sentidas mostras de solidariedade do papa co pobo “martirizado”. Afirmou que todos os cristiáns están chamados a facer a súa parte para traer a paz. “A guerra é unha pandemia”, “implicáanos a todos”. “A Igrexa e os cristiáns cren na paz, todos estamos chamados a ser negociadores de paz, máis aínda na terrible tormenta de conflitos”.

Intenta descifrar o que pon este texto.

Vivir significa:

3X93RIM3N74R 4 7R4V35 DK F4C3R, DK 53N7IR 3 DK 93NS4R

SANTO PARA O MES, en xuño, o día 29: PAULO

Nome derivado latina, de “Paulus”, que significa pequeno.

Tal e como se le na carta aos Romanos 1, 1: Paulo, servo de Xesús Cristo, apóstolo pola chamada de Deus, elixido para pregoar o evanxeo”. Antes da súa conversión perseguía aos que seguían a Xesús. Trala súa conversión cando ía camiño de Damasco cambiou o seu nome de Saulo de Tarso polo de Paulo. Chegou a ser tal vez o máis importante dos apóstolos. Chegou ata a Tarragona no seu afán de pregoar o evanxeo.

Morreu mártir por decapitación no ano 67 en Roma.

CONSELLO



“Cando me preguntaron sobre algunha arma capaz de contrarrestar o poder da bomba atómica eu suxerín a mellor de todas: A PAZ,”
Albert Einstein

COUSAS DA FE E DA IGREXA DE "OS COTOS"



8-11 de xuño Corpus Christi



Celébrase o xoves (e o domingo) seguinte a solemnidade da Santísima Trindade, a cal ven sendo o domingo seguinte a Pentecoste.

O Corpus tivo as súas orixes na Última Cea de Xesús cos seus discípulos e as mulleres que o acompañaban, durante a noite do xoves santo.

De acordo cos rexistros e investigacións, na idade media (1208) a relixiosa Xuliana de



Cornillon propuxo celebrar esta festividade en honor ao corpo e sangue de Cristo presente na Eucaristía.

No concilio de Vienne (1311) Clemente V regulou o cortexo procesional no interior dos templos, no 1316 Xoán XXII incorporou a oitava que incluíu a exposición do Santísimo Sacramento, e o papa Nicolás V encabezou a procesión na festividade do Corpus Christi no 1447, coa Hostia Santa polas rúas de Roma.

Principais acontecementos do mes de xuño:

- 6 de xuño sacaron o mundialmente famoso xogo de computadora "Tetris"
- 8 de xuño de 632 morreu Mahoma, profeta árabe fundador do Islam
- 10 de xuño de 1907 Auguste Lumière presentou en París a fotografía en cor
- 15 de xuño de 1991 tivo lugar a derradeira erupción do volcán Pinatubo (Filipinas)
- 20 de xuño o sol estará no punto máis alto do ceo ao mediodía
- 21 é o día do solsticio de verán
- 25 de xuño de 1973 publicouse a última edición de Mafalda
- 26 de xuño de 1775 fundouse o Servizo Postal dos EEUU



O Papa Francisco: Nun intento para a paz

"O Vaticano confirmou fai uns días que Francisco tiña encargado a Zuppi (Cardeal presidente da Conferencia episcopal italiana) unha misión "para axudar a suavizar tensións no conflito en Ucraia, coa esperanza infinita de que isto poida iniciar sendas de paz".



LECTURAS BÍBLICAS NOS DOMINGOS DE XUÑO

DÍA 4	LECTURA	2 Cor 13, 11-13	Dádevos azos e vivide en paz
	EVANXEO	Xn 3, 16-18	Xesús non ven xulgar, ven salvar e dar vida
DÍA 11	LECTURA	1 Cor 10, 16-17	Todos participamos dun mesmo e único pan
	EVANXEO	Xn 6, 51-58	O que come deste pan vivirá eternamente
DÍA 18	LECTURA	Rm 5, 6-11	Por Cristo recibimos a reconciliación
	EVANXEO	Mt 9, 36 - 10, 8	De balde recibistes, dade de balde tamén
DÍA 25	LECTURA	Rm 5, 12-15	Por Cristo a graza de Deus rebordou sobre todos
	EVANXEO	Mt 10, 26-33	Quen volva por min hei volver por el ante o Pai